



Piragüismo – Dragóns

1. INSCRICIÓN

A inscrición nesta modalidade Piragüismo-Dragóns farase creando un equipo de Actividade Deportiva Escolar antes do 15 de novembro de 2019 na aplicación de XOGADE.

2. PARTICIPANTES

Poderán inscribir participantes nesta modalidade, os centros escolares, as ANPAS, agrupacións deportivas, escolas deportivas municipais, clubs deportivos e outras asociacións participantes no programa Xogade.

Os participantes non requiren experiencia previa no deporte, pero é **obrigatorio saber nadar**, aínda que serán tomadas todas as medidas de protección individual necesarias.

A actividade promove a cooperación dende un punto de vista incluso no que nenos e nenas de diferentes condicións poden traballar en grupo dentro dunha mesma embarcación.

3. CATEGORÍAS

Categoría ALEVÍN-INFANTIL MIXTA: nados nos anos 2008-2007-2006.

4. MODALIDADE

A modalidade de Piragüismo-Dragóns desenvolverase nunha embarcación DB22.

Os equipos terán que estar compostos por un mínimo de 18 padexeiras/os e un máximo de 20, máis un timonel

que será un técnico da actividade e un tambor que poderá ser calquera participante. Os centros escolares que non cheguen a completar o grupo de participantes, poden anotarse igualmente e combínanse con outros centros que se atopen na mesma situación.

5. ORGANIZACIÓN DA XORNADA

Os centros terán á súa disposición na aplicación de Xogade unha Unidade Didáctica para facer unha toma de contacto no centro educativo previa á actividade.

A actividade terá unha duración aproximada de dúas horas nas que se fará unha presentación do piragüismo como deporte, unha toma de contacto coa embarcación e unha regata de 200 metros.

Ao ser este o primeiro ano en que se leva a cabo esta modalidade valorarase o número de xornadas segundo a inscrición, desenvolvendo as mesmas en distintas zonas de Galicia.

Valorarase tamén unha xornada festiva final na pista do Pontillón en Verducido (Pontevedra) con todos os participantes.

6. SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web www.deporteescolargalego.com. Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á póliza do seguro é aberto.

Lembren que todos os responsables, os participantes e os familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.